

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
03 decembro 2017

Busca a ESTRELA que oriente a túa vida.
Ponte EN VELA, ORA!

1.Ver: Advento, busca a estrela

- **Comezamos un novo tempo litúrxico, o Advento.** Significa “vinda” (de Xesús). Dialogamos como preparamos a vinda de alguén importante á nosa casa e como deberíamos preparar a vinda de Xesús en Nadal.
- Durante **catro domingos**, catro semanas, preparamos a súa vinda. **No templo poñemos algúns signos ou pegadas:** a **cor morada** significa cambio e arrepentimento; a **Coroa de Advento** indica o percorrido interior que imos realizando; **poucas flores** por ser época de austeridade e de conversión; e os **cantos** pedindo: *Preparade o camiño ao Señor!, Ven Señor non tardes!*
- Para esta folla **valerémonos dos debuxos de Fano** cuxo lema é **“Busca a estrela que oriente a túa vida”**. Cada domingo abrimos un rolo cun ronsel na que aparece unha mensaxe de Xesús. Que este Advento sexa para nós un reaxustar o compás e orientar a nosa vida para chegar a Xesús (o noso Norte, a nosa Luz).

Que é o Advento? Que regalo esperamos de Deus?

2. XULGAR: Ponte en vela, ora.

- + No evanxeo deste domingo, Xesús dinos: **“Estade atentos, estade en vela, porque vén o Señor...”**. Refírese á vinda do final dos tempos, pero tamén á vinda en Nadal.
- + **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**
- **Hoxe escoitamos a mensaxe dos MAIORES, dos avós, sabios na fe, de Isaías e Noé que nos din:** Apura, esperta porque Xesús ben, vai chegando!

*Hai moitos aos que lles pasará desapercibida a chegada de Xesús, perdidos noutros agasallos, luces, festas... Non nos despistemos noutras ofertas.

-**Neste 1º domingo Xesús dinos que esteamos atentos, vixiantes, coa vela acesa, A VELA DA ORACIÓN.** El chama á porta da nosa vida para entrar, transformala, facela máis fermosa. Orar é buscar a luz que oriente a túa vida. Esa luz é Xesús. **Orar é deixar que a súa luz acenda a túa alma.** escoita cada día a súa Palabra lendo a túa vida desde Deus. Dá grazas, pídelles perdón, dille “Ven axiña, Señor!”.

***Que podemos facer para que Xesús
sexa a túa luz e o teu compás?
Como mellorar a nosa oración persoal,
familiar e comunitaria?***

3. ACTUAR: Mans á obra

+ **Facemos algúns preparativos para este tempo.** Seguindo o debuxo de Fano facemos un compás-estrela co seu primeiro ronsel que cravamos con chinchetas e a veliña do 1º domingo. Ao compás poñémoslle unha frecha móbil e **neste domingo dirixímola ao oeste, onde se pon o sol...** De aí vén a escuridade, pero nós estamos en vela ante a Luz que chegará.


+ **Organizamos a coroa de Advento** acendendo la 1ª vela (a da oración) e a entronización do leccionario de Marcos, deste ciclo B. Tamén podemos preparar algún cartel de Advento ou comezar a poñer o Belén.

LECTURAS

4. LECTURAS: INTRODUCCIÓN AO EVANXEO DE MARCOS:

(Antes das lecturas podemos facer a procesión solemne co Leccionario).

Monitor: Hoxe comezamos o Ciclo B. Durante todo un ano o evanxeo dominical tomarémolo do Libro de S. Marcos. Marcos era curmán de Bernabé e traballou con Paulo e Pedro. Escribiu o 2º Evanxeo entre os anos 64 e 70 para cristiáns que procedían do paganismo, seguramente cidadáns romanos, que descoñecían os costumes xudeus, e que vivían nun clima de persecución.



Marcos destaca o tema da Paixón, chegouse ata a dicir que este evanxeo non é máis que unha historia da Paixón ampliada. Dedicada tamén Marcos unha atención especial aos discípulos de Xesús e aplica a Xesús unha variedade de títulos.: Fillo do Home, Fillo de David, Cristo, Señor... e sobre todo Fillo de Deus. Representábase a este evanxelista cun león alado porque resalta a divindade de Xesús.

Pidamos pois que sexamos campos fértiles onde o Evanxeo produza abundante colleita de vida evanxélica.

Sacerdote: *Pedímosche, oh Pai bo, que dispoñas o noso corazón á escoita da túa Palabra. Axúdanos a recibila e a gardala no corazón. Axúdanos a cultivala e a facela xermolar. Fainos terreo fértil e rico en boas obras.*

- **ISAÍAS 63, 16c-17. 19c; 64, 2b-7: Oxalá rachases o ceo e descendeses!**
- **SALMO 79: R/ Oh, Deus, restáuranos, que brille o teu rostro e nos salve.**
- **1 CORINTIOS 1,3-9: Agardamos a manifestación do noso Señor Xesucristo.**
- **San marcos 13, 33-37: Velade, pois non sabedes cando virá o señor da casa.**

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: - *«Estade atentos, vixiade: pois non sabedes cando é o momento. É igual que un home que se foi de viaxe, e deixou a súa casa e deu a cada un dos seus criados a súa tarefa, encargando ao porteiro que velase. Velade entón, pois non sabedes cando virá o señor da casa, se á tardiña, ou a medianoite, ou ao canto do galo, ou ao amencer: non sexa que veña inesperadamente e vos atope durmidos. O que vos digo a vós, dígoo a todos: **Velade!**».*

Palabra do Señor.